

Normativa específica do “Premio de Inverno-Primavera” de Dúatlon Cros 2020

- 1.- Compoñen o Premio de Inverno-Primavera de Dúatlon Cros 2020 as tres probas calendadas para os días 12 de xaneiro en Vimianzo, 1 Marzo en Meirás-Sada e 17 de maio en Baio.
- 2.- A participación estará aberta a deportistas con licenza FEGATRI, deportistas con licencia da Federación Galega de Ciclismo (en virtude do convenio en vigor) e deportistas que suscriban “seguro de un día” coa FEGATRI.
- 3.- A inscrición farase de forma individual para cada unha das probas a través das ligazóns habilitadas na páxina web da FEGATRI, <http://fegatri.org/probas-regulamento/>
- 4.- Outorgarase premio aos tres primeiros clasificados nas categorías Junior, Absoluta e Veteráns, tanto masculino como feminino. Serán entregados ao finalizar a última das probas que compoñen o Premio de Outono.
- 5.- Cada unha das probas poderá ter, ademais, a súa normativa particular e os premios individuais e colectivos que o organizador considere. Estas normativas estarán tamén dispoñibles en <http://fegatri.org/probas-regulamento/>
- 6.- Se unha das probas non se chega a celebrar, o Premio virá determinado polas dúas probas que se celebren. E se dúas das probas non se chegan a celebrar, a clasificación do Premio virá determinada pola clasificación da proba que se celebre.
- 7.- A clasificación final individual do Premio de Inverno-Primavera virá determinada pola **suma dos tempos invertidos polos atletas en cada unha das probas** que o compoñen (sexan tres, dúas ou unha). O que menos tempo invirta en realizar as probas todas, será o vencedor.
- 8.- De cara á clasificación final individual do Premio, so se contabilizarán aqueles competidores que comencen todas as carreiras que o compoñen. Se un competidor comenza unha das probas, pero non consegue rematala, asignaráselle un tempo de 03:00:00 (3 horas) nesa proba.
- 9.- A non coparecencia dos gañadores na cerimonia de premiación, conllevará a sanción económica e administrativa contemplada nos estatutos en vigor.

- Para todo aquilo non recollido neste regulamento aplicarase o Regulamento Oficial de Competicións da FEGATRI e/ou Federación Nacional.
- Todas as dúbidas que presente o regulamento ao longo da tempada serán resoltas pola Comisión Delegada, quen podería convocar, de así consideralo, unha Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación. Para casos de urxencia inmediata decidirá a Xunta Directiva